A semántica dos procesos en galego: esquemas prototípicos

Xosé Soto Andión
Universidade de Vigo
<xsotoandion@uvigo.es>

Resumo

O traballo que presentamos ten como base as investigacións realizadas para a elaboración dun dicionario de construcións do galego. Este artigo céntrase na semántica dos procesos así coma no estudo dos esquemas semántico-sintácticos de carácter intransitivo en galego. Veremos como os procesos representan o tránsito dun estado a outro, protagonizado tanto por individuos coma por entidades, que son *experimentantes*, e como poden ser de diversas clases en función do cambio experimentado polo suxeito en relación cunha determinada propiedade ou calidade. Algunhas das construcións analizadas poden ter equivalencias en distintas linguas romances e europeas, outras son exclusivas do galego. Os resultados obtidos poden ademais servir de base a posteriores traballos de tipo comparativo e contrastivo así como á realización de dicionarios convencionais e de construcións. O fin último é tamén contribuír ao desenvolvemento da semántica da construción.

Palabras chave: Proceso, experimentante, construción intransitiva, esquemas semánticos.
Recibido: 22.VII.2009 – **Aceptado:** 29.XI.2009

Sumario

1 Introdución
2 Construcións intransitivas e esquemas de proceso
3 A semántica do proceso: esquemas prototípicos
4 Conclusión
Corpus (lingua oral e escrita)
Referencias

Ianua. Revista Philologica Romanica
Vol. 9 (2009): 129–161
ISSN 1616-413X
http://www.romaniaminor.net/ianua/

© Romania Minor

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

1. Introdución

O presente traballo ten como base un corpus de textos orais e escritos así como as pescudas realizadas para a elaboración dun dicionario de construcións da lingua galega, obra de carácter analítico e descritivo nunha primeira fase, e contrastivo con outras linguas romances,[1] nunha segunda. Isto significa que algunhas das estruturas expostas poden amosar equivalencias nalgúns romances, pero outras son exclusivas do galego. Estas análises tamén buscan servir de apoio a posteriores traballos de carácter contrastivo e comparativo así como á elaboración de dicionarios convencionais de léxico e de construcións. Alén disto, poden achegar información útil tanto á lingüística teórica no relativo a establecer presupostos universais derivados dos feitos particulares que se manifestan nas distintas linguas do mundo,[2] como á lingüística románica no tocante a comparación e contraste de linguas. O artigo céntrase nas construcións intransitivas de proceso, a partir do concepto que nós manexamos de *intransitividade* e de *proceso* e mais dos presupostos derivados da teoría da construción.

2. Construcións intransitivas e esquemas de proceso

Sabemos que galego, portugués, castelán ou francés son consideradas linguas de tipo acusativo, fértiles en construcións transitivas, pero a intransitividade como noción teórica e as construcións intransitivas como actualización desa noción teñen un papel fundamental á hora de os falantes conceptualizaren a realidade a través da lingua.

Na tradición gramatical, a intransitividade aparece caracterizada como un fenómeno inherente a unha determinada clase de verbos, sobre todo os denominados «intransitivos», «intransitivos por natureza» e en ocasións os «transitivos sen complemento directo», e diferenciada do ámbito das construcións ceroargumentais (*neva*, *trona*), pronominais, impersoais, atributivas e pasivas, que tamén se poden chegar a intransitivizar (Givón 1990; Dixon & Aikhenvald 2000), e que nós consideramos construcións intransitivas. En relación co feito de considerar a intransitividade como propiedade dos verbos, convén remarcar que para nós os verbos no son de seu intransitivos nin transitivos, sono as construcións, por iso un verbo como *lostregar* tratámolo como un predicado de construción intransitiva e non como un verbo intransitivo. Por tanto, a intransitividade situámola non no nivel das clases de palabra senón no da construción. Na nosa opinión isto debería reflectilo tamén o lexicón ou dicionario nas súas entradas.

[1] Nesta cuestión estou comezando a traballar, e para isto resultáronme de moita utilidade os datos que obtiven na estadía de investigación realizada na Universidade de Oxford, no Research Centre for Romance Linguistics que dirixe o profesor Martin Maiden, estadía financiada pola Xunta de Galicia e pola Universidade de Vigo, durante os meses de agosto e setembro de 2008.

[2] En palabras de Martinet (1993, 15–16): «Interesan las lenguas, todas las lenguas, en si mismas y por si mismas [...] desde que hay un interés por las lenguas en general, se tiende a proceder por inducción, es decir, a sacar conclusiones generales a partir de la existencia de ciertos hechos en las lenguas estudiadas.»

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

O concepto de (in)transitividade vénse manexando en moitas ocasións asociado ao significado etimolóxico desta palabra (transitivo < TRANSIRE: *paso ou tránsito cara a outra entidade* e por tanto á idea de que no verbo se expresa unha acción que vai máis alá del, cara a outro argumento; a intransitividade sería o contrario). Pero este criterio non sempre se cumpre, xa que hai construcións que manifestan paso ou tránsito e non por iso as cualificamos de transitivas, como sucede coas atributivas e de estado, as de identificación e existencia (v.g. *Xan parece parvo*; *Carlos é avogado*; *o can está enfermo*; *neste lugar abundan as sobreiras*); e existen outras construcións que podendo ser transitivas non manifestan esa idea de tránsito cara a outra entidade, como son as reflexivas, nas que a acción permanece no suxeito (v.g. *María lávase e Carlos peitéase*). Por outra banda, as definicións polas que a transitividade é a propiedade semántica daqueles verbos que expresan unha acción que transita dun axente ata un paciente ou término, non justifican por que existen construcións transitivas e intransitivas con verbos que non designan acción, nin construcións que requiren complementación sen implicar a actuación dun axente sobre un paciente, nin por último construcións co papel de paciente ou afectado sobre as que non actúa un axente (v.g. *enfermar*, *padecer*).

Fronte a todo o anterior, algunhas correntes da lingüística actual coma o funcionalismo de Dik (1997) e a gramática sistémica de Halliday (1994) prestan especial atención ás dimensións sintáctica, semántica e pragmática ou informativa así como á súa interrelación, isto último é o que nós defendemos, que os fenómenos de transitividade e intransitividade se han de aplicar á cláusula na súa totalidade e non só ao verbo.

A gramática da construción e a gramática cognitiva, nas que podemos destacar a Langacker (1991), Kay (1997), Goldberg (1995; 2005), céntranse na construción e pretenden asociar o plano sintáctico co semántico, non separar a lingua das restantes habilidades cognitivas e ter en conta a relación entre o léxico e a gramática así como a relación entre a experiencia humana e a gramática, algo que nos parece o más adecuado para o estudo das estruturas intransitivas e transitivas.

As gramáticas de linguas minorizadas como as do galego ou a do catalán de Badia i Margarit permiten tamén extraer certos datos sobre desta cuestión. A gramática de Badia i Margarit (1995, 247–302) aplica a transitividade a estruturas que precisan complemento directo para completar o seu sentido, por conseguinte parece deducirse que as construcións sen complemento directo entrarían na dimensión da intransitividade. Ademais disto, fronte a outros investigadores como Vilela (1999, 71) ou Freixeiro (2000, 649) que consideran transitivas as estruturas con verbos de movemento seguidos dun complemento (v.g. *vai á escola*), Badia parece situar este tipo de construcións na dimensión da intransitividade. Polo que respecta ás gramáticas do galego (Álvarez, Monteagudo & Regueira 1986; Costa *et al.* 1988; Freixeiro 2000; Álvarez & Xove 2002) sérvense de criterios de corte tradicional nuns casos e funcional ou ecléctico noutros. As gramáticas de Costa *et al.* (1988) e Freixeiro (2000) presentan unha concepción máis restrinxida da intransitividade, e aplícana en exclusiva ás estruturas monoclausais, deste modo non serán cualificadas de intransitivas

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

as estruturas cun predicado seguido de complemento indirecto, complemento circunstancial e complemento prepositivo. Por contra, as gramáticas de Álvarez, Monteagudo & Regueira (1986) aplican esta noción non só ás estruturas monoclausais senón tamén a aquelas cun predicado seguido de complemento indirecto, circunstancial e prepositivo.

Nós, dende una perspectiva ampla, de carácter transversal, consideramos construcións intransitivas as ceroargumentais, as monoargumentais inergativas, cuxo suxeito ten propiedades características de tal función (v.g. *María sorrí*), as monoargumentais inacusativas cuxo único argumento ten propiedades de complemento directo e suxeito (v.g. *a roupa seca* [*o sol seca a roupa*]), as biargumentais de complemento indirecto e circunstancial, as de complemento prepositivo, as construcións con verbos pronominais (agás as reflexivas e aquelas en que o clítico é marca de complemento directo), as atributivas (con atributo e predicativo do suxeito) e en xeral as de voz pasiva. Estas estruturas, fronte ás transitivas que presentan o esquema sintáctico prototípico *suxeito – predicado – complemento directo* e un esquema semántico *axente – acción – afectado*, mostran esquemas semánticos e sintácticos con diferentes funcións e papeis semánticos, novos valores aspectuais (boa parte das intransitivas son atélicas), na maioría dos casos non permiten a substitución pronominal por clítico acusativo nin deixan ningún resto pronominal na conversión temática e admiten en xeral con máis facilidade os cambios de orde dos seus argumentos sen que se introduzan novos elementos (v.g. *o escándalo chegou con ela* / *con ela chegou o escándalo*; *María comeu o pastel* / *o pastel comeuno María*). Ademais disto, a cohesión semántico-sintáctica entre predicado e complemento non directo tende a ser menos estreita cá que se produce entre predicado e complemento directo.

Así pois, o fenómeno da intransitividade queremos abordalo dende a dimensión da construción (cf. Croft 2001; Hale & Keyser 2002; Borer 2004), situar a interrelación dos elementos da construción como eixe da análise gramatical e facer derivar da construción, máis ca do verbo, as funcións semánticas, sintácticas e pragmáticas.

Canto aos *procesos*, representan o tránsito dun estado a outro protagonizado por un individuo ou entidade (*experimentantes*). Poden ser de diversas clases segundo o cambio experimentado pola entidade suxeito en relación cunha determinada propiedade ou calidade. É moi difícil establecer lindes definitivos entre as diferentes subclases de procesos; en ocasións unha mesma estrutura implica asemade dous procesos paralelos ou superpostos, deste modo «enfraquecer» tanto pode mostrar un valor diminutivo coma tamén empeorativo; «adensar» é un proceso diminutivo na medida en que algo reduce o seu volume facéndose máis denso e un proceso aumentativo se nos fixamos máis no feito de adquirir máis densidade unha entidade; «abrandar» traduce un proceso diminutivo cando unha entidade diminúe a súa dureza, e modificativo de esa mesma entidade mudar ou modifica-lo seu estado inicial.

Nós aquí imos discriminar os seguintes tipos de procesos:

1. Adquisitivo ou aumentativo e privativo ou diminutivo: o primeiro par dáse cando unha entidade ben adquire unha propiedade que non tiña ben

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

a aumenta en volume ou extensión (v.g. *engordar*, *anchear*). O segundo par atopámolo cando unha entidade ou perde e diminúe unha propiedade ou reduce o seu volume e extensión (v.g. *enfraquecer*, *minguar*, *apoucar*).

2. Intensificativo e atenuativo: acontece se unha entidade aumenta ou diminúe o grao e a intensidade en que posúe unha determinada propiedade ou calidade (v.g. *acentuarse*, *agravarse*, *recruar*, *abrandar*).

3. Transformativo e modificativo: cando unha entidade experimenta unha transformación do seu estado (v.g. *evaporarse*, *callar*, *converterse*, *cambiar en*) ou unha modificación (v.g. *clarexar algo o cabelo*, *asentar un viño*).

4. Mellorativo e empeorativo: vese nunha entidade que experimenta mellora ou empeoramento do seu estado (v.g. *progresar*, *aliviar*, *subir*; *encetarse*, *empeorar*).

5. Adaptativo: supón que unha entidade se adapta a unha nova situación ou medio (v.g. *afacerse*, *adaptarse*, *acostumarse*).

6. Continuativo: é aquel proceso que, a diferenza dos anteriores, non manifesta mudanza nin alteración na entidade ou individuo en que se desenvolve (v.g. *durar*, *continuar*, *perdurar*...).

As construcións que sinalan proceso presentan un suxeito cuxo papel semántico cualificamos de *experimentante*. É un papel que designa a entidade animada ou non animada que experimenta un determinado proceso físico ou psicolóxico. Moreno (2003, 307 ss.) ofrece varias definicións deste papel semántico citando diversos autores: entidade que experimenta algún estado psicolóxico; entidade que recibe, acepta, experimenta ou sofre o efecto dunha acción (Palmer 1994); criatura que experimenta unha emoción ou percepción; receptor dun estímulo cognitivo. É un papel semántico próximo aos que chamamos *portador de actitude e portador de sentimento* dos esquemas que reflicten eventos sentimentais, actitudinais, etc. A diferenza atópase en que o *experimentante* o aplicamos en exclusiva a procesos como tales, namentres os outros dous se concretan en accións ou estados de tipo psíquico.

O experimentante tende a estar desempeñado por un substantivo ou pronome a el referido, que funciona dentro dunha frase nominal nunha cláusula simple ou complexa.

A respecto do esquema sintáctico, o experimentante documéntase frecuentemente en estruturas monoargumentais de esquema *suxeito–predicado*, por tanto cun único participante obrigatorio. En moitos casos, este esquema plásmase en construcións ergativas ou inacusativas, con ou sen *se*, que poden denotar procesos (v.g. *medrar*) ou presentar un único argumento co papel semántico tanto de experimentante coma de afectado e paciente (Dixon 1994), que se corresponde co complemento directo dunha construción transitiva: *a manteiga derrétese* / *a calor derrete a manteiga* (Levin & Rappaport Hovav 1995; Demonte 2002; Alexiadou, Anagnostopoulou & Everaert 2003; Legendre & Sorace 2003).

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

Con todo, a estrutura monoargumental presenta ás veces outras funcións sintácticas que non son estritamente obrigatorias, como a de causante (v.g. *aborrécese co que lle dis*) e a de complemento circunstancial nos seus distintos subtipos: modo e cuantificación, tempo e lugar, orixe... (v.g. *medra moito*; *arde dende a raíz*; *de inverno non abrolla*; *pouco e pouco abre o día*).

O experimentante tamén aparece en esquemas sintácticos de proceso biargumentais e en menor medida triargumentais. Podemos destacar os seguintes, que son os que rexistramos: *suxeito – predicado – complemento circunstancial*, *suxeito – predicado – complemento prepositivo*, *suxeito – predicado – complemento indirecto*, *suxeito – predicado – predicativo – complemento prepositivo*.

3. A semántica do proceso: esquemas prototípicos

Deseguido imos indicar algúns dos esquemas semánticos prototípicos, de un, dous e tres papeis, en que pode funcionar o experimentante. Son construcións cuxo denominador común é o feito de o suxeito desempeñar este papel semántico de experimentante e o predicado manifestar algunha clase de proceso, conforme imos detallar abaixo. Para estudar estas estruturas axudámonos dos parámetros que a continuación sinalamos de forma esquemática:[3]

Esquema semántico

Verbo. Significado de acordo coa estrutura en que funciona.

Exemplos (lingua escrita con indicación de obra, número de revista ou periódico e páxina. Lingua oral con indicación do lugar e idade do informante).

Suxeito (trazos semántico-sintácticos máis relevantes).

Complementación[4] (trazos semántico-sintácticos máis relevantes).

Voz (activa, media ou pasiva).[5] Valor pronominal e uso de *se*. Valores aspectuais.[6]

[3] As abreviacións que usarei neste artigo son: fr. nom. = frase nominal; fr. prep. = frase preposicional; fr. adv. = frase adverbial.

[4] A *complementación* sinala as distintas funcións sintácticas da construción que precisan outras funcións básicas como son a de suxeito e predicado.

[5] Manexamos os tres tipos básicos de voz: activa, media e pasiva. A pasiva en galego, francés e outras linguas (Dimitrova-Vulchanova 1999; Araújo 2001, 19–30) volve intransitiva a construción mediante a presenza de *se* na pasiva sintética, ou mediante a reorganización dos participantes na pasiva analítica, para Martinet (1987, 308) «pasiva expandida», situando antes do verbo a entidade afectada e quedando o axente ou en posición posverbal ou na indeterminación. Tanto en galego coma noutras linguas a pasiva analítica perde terreo en favor da construción con *se*. A voz media está formada por estruturas formalmente activas e por estruturas pronominais con *se* (isto tamén pode ampliarse en Sánchez López (2002), presenta un suxeito afectado, que pode ser [±animado], sen consideración dun axente que execute o evento, aínda que pode existir un causante. Halliday & Matthiessen (2004, 280–305) aproximan a voz media a un tipo de cláusulas que actúa preferentemente baixo o patrón do denominado modelo ergativo e cuxo suxeito se caracteriza por ter un papel semántico de *Medium*.

[6] Baixo a denominación de valores aspectuais ou aspectualidade (cf. Miguel 1999, 2977–3060);

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

3.1. Esquemas cun só papel semántico

Son construcións de esquema sintáctico *suxeito–predicado* e cun esquema semántico[7] que posúe o papel de experimentante no suxeito.

3.1.1. Experimentante – proceso privativo

Abafar «Experimentar un proceso de falla de alento, atafegarse, sufocarse».

(1) correu ata abafar (DRAG, 2)

O suxeito pode estar representado por unha frase nominal ou por unha cláusula. Adoita preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. É frecuente algún circunstancial representado sobre todo por unha fr. prep. de estrutura (*de/con/por* + fr. nom.), cun referente [−animado] e [+continuo], co papel semántico de causa (v.g. *abafamos de/con/pola calor*), locación espacial e temporal (v.g. *hoxe aquí abafamos*).

A construción ten forma activa e valor medio, cun suxeito que experimenta un determinado proceso consistente na progresiva privacidade de aire para respirar. Admite *se* para indicar suxeito indeterminado (v.g. *aquí abáfase coa calor*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo, a miúdo intensivo.

Morrer «Acabarse a vida dun ser vivo e por extensión producirse o remate de algo ou extinguirse unha cousa».

Bertinetto & Delfitto 2000, 189–226; Thieroff 2000, 265–305) incluímos tanto o aspecto léxico ou aktionsart —modo do evento— derivado do lexema verbal en función de predicado, coma o aspecto gramatical derivado de procedementos morfolóxicos e sintácticos: suxeito e complementos, presenza de *se*, perífrases, negación, adverbios e locucións adverbiais, tempos verbais, afixos derivativos e flexivos, etc. Dentro destes valores e seguindo os autores antes mencionados discriminamos os seguintes contidos: -Estativo/dinámico, o primeiro dáse de forma homoxénea ao longo do tempo sen mostrar cambio nin proceso, o segundo implica unha actividade —física ou psicolóxica— ou un cambio que se manifesta nuns resultados e admite fases (inceptiva, media, terminativa ou cesativa); –Puntual ou instantáneo: acontece nun momento (v.g. *estourar*) fronte a durativo ou progresivo que progresa ao longo do tempo (v.g. *quecer*); -Atélico/télico, un evento resulta atélico cuando se mantén e dura un tempo non determinado; normalmente admite a complementación con *durante*; un evento é télico cando non mostra permanencia (v.g. *chegar*) nin manifesta duración; –Simple e semelfactivo: consta dunha fase (v.g. *dar un bico*) fronte a iterativo, múltiple, intermitente que consta de varias fases (v.g. *golpear*, *metrallar*, *guiñar*); –Habitual, é o que se repite con determinada frecuencia (v.g. *ler*); –Permanente, é aquel que se repite de maneira constante (v.g. *a terra xira*); –Non intensivo (v.g. *chover*) fronte a intensivo (v.g. *arroia*, *chove máis*) e atenuativo (v.g. *barruza*, *chove miúdo*).

[7] Chamamos *esquema sintáctico* ao molde sintáctico ou esquema de funcións sintácticas desempeñadas polos argumentos ou participantes da construción (Lazard 1998, 11–146). Son *esquemas semánticos* os diversos moldes que agrupan os papeis semánticos exercidos polos devanditos argumentos. A nosa posición a este respecto é maximalista, o que significa que manexamos un variado e completo conxunto de esquemas e papeis semánticos, que dan conta con maior exactitude dos múltiples eventos transmitidos. Dik (1997, 122) comenta, en relación coas funcións semánticas, que non se trata necesariamente dunha lista pechada e que non está seguro de que resulten suficientes para recoller a diversidade de contidos que se transmiten por exemplo a través das preposicións. Autores como Van Valin & Lapolla (1997) e Kibrik (1997, 279–346) agrupan baixo a etiqueta de macrorroles e hyperroles (*actor* e *undergoer*) os papeis semánticos que manifestan distintas relacións semánticas con trazós comúns.

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

(2) a creatividade morre esquecida nunha caixa pequena (OCG, 04–03–1999, 12R)

(3) Aínda non morrera o eco da súa voz cando soaron, secos, dous disparos de escopeta (AGOSTO, 89)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado cando se antepón un dativo e/ou complemento indirecto e cando o emisor establece o centro de atención informativo no evento designado polo predicado ou noutra circunstancia de carácter temporal, locativo, modal, etc. Os seus trazos semánticos son variables: [+animado] e [±humano], [−animado], [±concreto], [±común], [−control].

O complemento non é obrigatorio, se ben resulta frecuente o funcionamento dalgún circunstancial, de referente [−animado], [±concreto] e [±continuo], cos papeis semánticos sobre todo de modo, causa (preferentemente con frases introducidas por *con*, *de*, *por* + fr. nom. non definida), locación espacial, tempo e duración. Tamén pode aparecer un dativo e/ou complemento indirecto co papel semántico de afectado e en menor medida un predicativo indicando o estado do suxeito.

A construción ten significado medio. Pode ser entendida coma o remate dun proceso ou como unha acción puntual que lle acontece a un ser vivo. Pode empregarse con *se* para indicar suxeito indeterminado. Nalgúns falantes foi documentado un *morrer* con valor pronominal e co clítico variable en número e persoa, reforzándose así a función de experimentante ou afectado do suxeito. Este papel semántico, a menor actividade e a carencia de control do suxeito é o que diferenza a construción intransitiva da transitiva con *matar*, que presupón un suxeito axentivo, habitualmente animado, máis activo, con control e que actúa sobre unha entidade. Nalgúns casos a estrutura intransitiva compensa a carencia de papel semántico axente coa utilización do papel semántico causante, como elemento determinante do evento sinalado (v.g. *a presión do castelán fai morre-lo aragonés*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, télico, puntual, simple; tratándose dun proceso son atélico, progresivo terminativo.

Tollerse «Irse privando do movemento dalgún membro, eivarse».

(4) coa artrosis que ten tóllese de todo (SOTO, *Covas-Forcarei* 65)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado favorecido polos trazos de non animación e non control así coma polo centro de atención establecido polo emisor no predicado ou nun complemento. Os seus trazos semánticos son [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Pode funcionar algún circunstancial co papel semántico sobre todo de causa, tamén modo e cuantificación (i), locación temporal e espacial, condición (v.g. *coa túa axuda non se tollería*), concesión (v.g. *tolleríase mesmo coa túa axuda*), consecuencia (v.g. *tóllese tanto que xa non anda*)...

A construción ten forma pronominal e significado medio, cun clítico variable en número e persoa, que centra o proceso desenvolvido no suxeito, reforzando o

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

seu papel de experimentante. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo (segundo a fase inceptivo, medio ou terminativo), ás veces intensivo. Fronte a isto, a construción transitiva mostra un suxeito xeralmente anteposto ao predicado, máis activo e máis axentivo, que efectúa certa acción sobre outra entidade distinta del, presentando valores aspectuais de tipo télico, puntual e simple.

Pelar «Cae-lo pelo ou a pel».

(5) o can está pelando (SOTO, *Freixeira-Forcarei* 70)

O suxeito sitúase en posición preverbal na orde non marcada e os seus trazos semánticos son [−animado] cando se refire a algunha parte do corpo, [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. En ocasións funciona un dativo e/ou un complemento indirecto co papel semántico de afectado e posuidor (v.g. *seica lle pelou o can*), moi frecuente cando o suxeito alude a unha parte do corpo (v.g. *estalle pelando unha perna*). Tamén pode funcionar un complemento circunstancial co papel semántico de locación temporal, modo, cuantificación, causa (v.g. *o can pelou bastante coa enfermidade*), consecuencia...

A construción ten significado medio, admite *se* indicando suxeito indeterminado e os valores aspectuais prototípicos son dinámico, progresivo —en fase inceptiva, media ou terminativa—, atélico, ás veces intensivo.

3.1.2. Experimentante-proceso empeorativo

Aborrecerse «Contaminarse unha ferida, encetarse».

(6) o corte que tiña na man aborrecéuselle (DRAG, 8)

O suxeito pode ir anteposto ou posposto ao predicado. A posposición favorécea a non animación, a presenza de dativo e o propio semantismo da construción. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], [+común], [−control].

O complemento non é obrigatorio. Úsase a miúdo un dativo e/ou complemento indirecto co papel semántico de afectado. Menos habitual é o emprego dalgún circunstancial con papeis semánticos coma os de modo e cuantificación, causa (v.g. *aborrecéusello moito o corte polo frío*)...

A construción ten forma pronominal. Emprégase na voz media, en P3 singular ou plural e centra o proceso no suxeito. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, intensivo.

Fallar «Ir algo ou alguén a menos».

(7) é que claro a miña vista xa me falla, namais o aixofre é moito máis amarelo có azucre (NF, *Ramiras* 64)

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido ao semantismo da construción así como á non animación. Os seus trazos semánticos son [−animado], [±continuo], xeralmente [+común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Pode funcionar opcionalmente un dativo e/ou complemento indirecto co papel semántico de prexudicado, por exemplo cando unha máquina deixa de funcionar (v.g. *o coche falloulle*) ou cando o emisor se refire ás aptitudes físicas e psíquicas del ou doutro individuo (v.g. *fállame moito a memoria*), establecendo nalgúns casos o pronome dativo unha marca redundante de propiedade inalienable co posesivo. Por último, pode funcionar algún circunstancial con diversos papeis semánticos como cuantificación e frecuencia (v.g. *falla a miúdo*), modo, causa (v.g. *falla por vello*), locación espacial ou temporal.

A construción ten significado medio. Non se rexistra con *se*. Son frecuentes os casos de cláusula negativa (v.g. *este coche nunca me fallou*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico e progresivo cando implica duración indo a menos; ás veces iterativo.

Langrear «Debilitarse, perde-las forzas, languidecer».

(8) Veume ó acordo a escena de mamá alongándolle un cartolo de pan centeo, para que non langrease coa fame na viaxe (MFB, 179)

O suxeito adoita precede-lo predicado e caracterízase polos trazos semánticos [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Funciona en moitas ocasións un circunstancial de estrutura (*con*, *de* + fr. nom.), cun referente [−animado], [±concreto] e [±continuo], co papel semántico de causa. Tamén poden atoparse outros papeis semánticos como locación temporal e espacial, modo e cuantificación...

A construción ten significado medio, nela o suxeito experimenta de seu un proceso de diminución ou perda de propiedades físicas ou psíquicas, determinado por unha causa explícita ou latente na construción. Admite *se* para indicar suxeito indeterminado. Os valores aspectuais son dinámico, atélico, ás veces intensivo.

3.1.3. Experimentante-proceso mellorativo

Abrir «Comezar a desaparece-las nubes ou a néboa para mellorar o tempo».

(9) A ver se abre o día e podemos ir pá veigha (SOTO, *Freixeira-Forcarei* 70)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado favorecido polo semantismo da construción e pola non animación. Adoita aparecer unha entidade referida a tempo ou natureza (día, ceo, nubes), deste xeito os seus trazos semánticos son [−animado], [+común], [−continuo], [+continuo] v.g. *a ver se abre o ceo*, [+concreto], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Pode acompañar de xeito opcional algún circunstancial co papel semántico de locación temporal e espacial (v.g. *no*

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

norte de inverno abre tarde o día), modo (v.g. *abrir pouco e pouco*), causa (v.g. *non abriu pola néboa*), condición (v.g. *coa axuda do vento abriría o día*)...

A construción ten forma activa e significado medio. Úsase na P3 singular ou plural e non admite *se*. É habitual o seu emprego en perífrases (está abrindo, vai abrir, empeza a abrir...). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, inceptivo, atélico ou télico consonte se transmita ou non duración da acción.

Medrar «Ascender social ou profesionalmente».

(10) nunca lle gustou a súa afición ó alcohol, un vicio que lle impediu medrar na carreira política fulgurante que empezara (DEUS, 18)

O suxeito anteponse ao predicado ou posponse cando o emisor centra a atención informativa no proceso ou no complemento. Os seus trazos semánticos son [+humano], [+concreto], [±común], [+control].

O complemento non resulta obrigatorio, así e todo adoita funcionar algún circunstancial representado por unha fr. prep. de estrutura (*en* + fr. nom.), cun referente [−animado] e [±concreto], que designa o campo no que alguén desenvolve o seu ascenso social ou profesional. En xeral tamén son frecuentes outros circunstanciais cos papeis semánticos de cuantificación (con frases adverbiais nucleadas por moito, pouco... v.g. *medrou moito*), modo, locación espacial e temporal, causa (v.g. *cos novos xefes medras de xeito imprevisto*)...

A construción ten significado medio. É posible o uso de *se* con suxeito animado para indicar a súa indeterminación. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo —segundo as fases inceptivo, medio e terminativo—, ás veces intensivo ou atenuativo (v.g. *medrar moito/pouco*).

Cerrar «Curar unha ferida».

(11) mira, xa che está zarrando o corte (SOTO, *Cachafeiro-Forcarei* 70)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado polas prioridades informativas do falante e polo semantismo da construción. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], [+común], [−control].

O complemento non é obrigatorio. Pode funcionar un adverbio modalizador e un circunstancial co papel semántico fundamentalmente de locación temporal, modo, causa (v.g. *está cerrando ben o corte co mercurio*), condición (v.g. *sen a túa axuda non me cerraría o corte*)...; e tamén un dativo e/ou complemento indirecto, de referente animado, co papel semántico de afectado.

A construción ten significado medio. Úsase en P3 singular ou plural. É posible o emprego de *se* (v.g. *cerrouse o corte*) implicándose máis o suxeito no proceso. Os valores aspectuais son dinámico, atélico, progresivo en diferentes fases.

3.1.4. Experimentante-proceso adquisitivo/aumentativo

Ascender «Aumentar ou incrementarse algo».

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

(12) Ascenderán as temperaturas a fin de semana (DRAG, 119)

O suxeito pode antepoñerse ou pospoñerse ao predicado, se ben a posposición é frecuente por ser o suxeito non animado e experimentante. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], con frecuencia [+continuo], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Ás veces aparece algún circunstancial co papel semántico de modo e cuantificación, causa (v.g. *con esta onda de calor africana ascenderon moito as temperaturas*), locación espacial e temporal...

A construción ten forma activa e significado medio. Úsase en P3 singular ou plural. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, progresivo, atélico.

Engordar «Gañar quilos».

(13) deixa que engorde un pouquiño, home, porque non teño nada que comer (CPTO, *Miñotos-Ourol* 70)

O suxeito acostuma preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [+control], [control parcial] naqueles casos en que o individuo gaña quilos sen intencionalidade de facelo (como acontece en certo tipo de cambios de metabolismo ou de enfermidades que producen aumento de peso).

O complemento non resulta obrigatorio. É corrente a presenza dalgún circunstancial co papel semántico de cuantificación (v.g. *engorda moito*; *engordou dez quilos*), modo (v.g. *engorda de xeito esaxerado*), locación temporal e espacial, causa (v.g. *engorda coa medicación*), condición (v.g. *cos teus consellos non engordaría*), concesión (v.g. *mesmo co teu consello engordaría*)...

A construción é de voz media, agás naqueles casos en que é posible o emprego da pasiva analítica con suxeito paciente e non humano (v.g. *o becerro foi engordado de présa para matalo*). Admite *se* indicando suxeito indeterminado. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, progresivo —inceptivo ou medio—, atélico, ás veces intensivo.

Quecer «Entrar en calor unha cousa ou unha persoa, excitarse un individuo».

(14) sentir os pés afundirse na lama, escoitar a chuvia e o vento, notar como o leito vai quecendo paseniño co teu corpo vello (ESC, 111)

(15) ten moza, ten, aghora queceu por fin (SOTO, *Freixeira-Forcarei* 70)

O suxeito pode antepoñerse ou pospoñerse ao predicado con certa facilidade. A posposición está favorecida polo semantismo da construción, as prioridades informativas do emisor e en ocasións a non animación do suxeito. Os seus trazos semánticos son [±animado], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. É usual que funcione algún circunstancial co papel semántico sobre todo de locación espacial e temporal, modo, cuantificación, causa (v.g. *quecéronlle moito os pés coa estufa*), consecuencia, adición (v.g. *quecéronlle os pés ademais do corpo*). Tamén ás veces aparece un dativo ou complemento indirecto co papel semántico de afectado (v.g. *quécenlle os pés*), exclusión (v.g. *quécelle o corpo todo agás os pés*)...

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

A construción ten significado medio. En ocasións rexístranse casos de construción transitiva con suxeito axente, en analoxía con *quentar* (v.g. *había alí un grupo de operarios que quecían as mans arredor dunha estufa*, ESC, 80). É posible *se* para indicar suxeito indeterminado (v.g. *co caldo quécese*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo (en fase inicial, media ou terminativa), tamén pode adquirir valor intensivo.

3.1.5. Experimentante – proceso diminutivo

Abrandar «Poñerse branda unha cousa, diminuír a dureza e intensidade de algo».

(16) o liño había que poñelo en feixes e levalo ó río, era pa que ablandara alí (SOTO, *O Pino* 67)

O suxeito vai anteposto ou posposto ao predicado. A posposición pode obedecer á non animación do suxeito e ás prioridades informativas do emisor. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+animado] nos usos figurados que inclúen a persoas, [±concreto], [−continuo] ou [+continuo], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Opcionalmente pode aparecer algún circunstancial con diversos papeis semánticos como locación espacial e temporal, causa (v.g. *abranda coa calor*), modo e cuantificación (v.g. *abranda bastante*)... Ás veces tamén funciona un dativo e/ou complemento indirecto, de referente animado, co papel semántico de afectado ou beneficiado/prexudicado (v.g. *abrándalle moito o liño e non lle serve*).

A construción ten carácter medio, adoita empregarse na P3 singular ou plural. É posible o uso de *se* con significado pasivo e axente indeterminado; algunhas estruturas admiten a pasiva analítica con axente (v.g. *a dor foi abrandada coas pastillas*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, progresivo, atélico, atenuativo.

Achicar «Ir a menos, apoucarse, devecer».

(17) achícase cos nervios e por encima non come... (CELL, *Loureiro-Cotobade* 80)

O suxeito adoita preceder o predicado; a posposición dáse sobre todo pola presenza de dativo e de suxeito non animado (v.g. *achícaselles a auga*). Os seus trazos semánticos son [±animado], [±continuo], [+concreto] ou [−concreto] en enunciados figurados, [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Moitas veces aparece un circunstancial co papel semántico de causa, locación temporal e espacial, modo (v.g. *a auga do depósito achícase rapidamente*), cuantificación (v.g. *a fonte achica moito este verán*), condición (v.g. *coa axuda da calor achicarase a auga*), concesión (v.g. *mesmo coa axuda da calor non se achica a auga acumulada*), etc. Tamén pode rexistrarse un dativo e/ou complemento indirecto co papel de afectado (v.g. *achícaselles a auga do depósito*).

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

A construción ten forma pronominal e valor medio; indica un proceso de tipo diminutivo que se desenvolve de seu en algo ou en alguén. En ocasións aparece un papel semántico de causante que se converte en axente mudando a construción de voz media a voz activa (v.g. *a fonte achícase coa calor / a calor achica a fonte*). Os valores aspectuais prototípicos son os de dinámico, progresivo diminutivo (segundo as fases inceptivo, medio, terminativo), atélico.

Descender «Diminuír algo (peso, medida, prezo, temperatura, velocidade...) en cantidade ou intensidade».

(18) a temperatura desceu vertixinosamente (ARR, 25)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido ao semantismo da construción e aos trazos de non animación e non axentividade. Os seus trazos semánticos son variables: [−animado], [±concreto], [±continuo], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. É frecuente o emprego dun circunstancial sinalando un límite e representado por unha fr. adv. ou fr. prep. de estrutura (*de* + fr. nom.) v.g. *a temperatura descende de catro graos*, (*a* + fr. nom.) v.g. *a presión descende a dúas atmosferas*, (*ata* + fr. nom.) v.g. *o nivel de auga descende ata tres*..., modo, causa (v.g. *a temperatura descende polo aire polar*), condición (v.g. *coa axuda da administración non descendería o número de matriculados*), concesión (v.g. *mesmo coa axuda da administración descendería o número de matriculados*)... Tamén é habitual un dativo e/ou complemento indirecto co papel semántico de beneficiado ou prexudicado (v.g. *descéndelles o número de matriculados*).

A construción é de voz media. Non admite a presenza de *se*. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo; ás veces atenuativo (v.g. *descende pouco a temperatura*), inceptivo (v.g. *a temperatura comeza a descender*), habitual (v.g. *a temperatura sobe no verán e descende de inverno*).

3.1.6. Experimentante–proceso atenuativo

Afrouxar «Ir cedendo ou poñéndose frouxo, por extensión perder forza e vigor».

(19) Castromao berra, a corda afrouxa, o mariñeiro vírase co susto (OCT, 366)

(20) Cando a luz da cociña se apaga, afrouxan os fíos dos corpos e o lume da lareira prende nos ollos coma un feitizo (OCP, 68)

O suxeito pode antepoñerse ou pospoñerse ao predicado. A posposición é debida á non animación e non axentividade do suxeito e ao centro de atención establecido polo emisor no predicado (v.g. *afrouxou o cable*). Os seus trazos semánticos son variables: [±animado], [+concreto], xeralmente [+común], [−control], [±control] en casos como (v.g. *este ano afrouxa nos estudos*).

O complemento non é de uso obrigatorio. Ás veces pode acompañar un circunstancial co papel semántico sobre todo de causa (v.g. *este ano afrouxa moito por preguiza*), locación espacial e temporal (v.g. *onte á mañá afrouxou a corda por*

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

estar mal atada), modo e cuantificación, condición (v.g. *coa túa colaboración o nó afrouxaría*)...

A construción ten forma activa e significado medio. Con suxeito animado admite variación de persoa e uso de *se* para indicar suxeito indeterminado. Os seus valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, atenuativo, progresivo: inceptivo (v.g. *afrouxa o nó*), medio (v.g. *está afrouxando o nó*), terminativo (v.g. *afrouxou de todo*), ás veces intensivo.

Amolecer «Poñerse mol unha cousa; atenuar a firmeza e fortaleza de algo ou alguén».

(21) ulideiras a bacoriño, estrume, cinsa, pote dos nabos onde amolece todo (MDB, 11)

O suxeito pode situarse en posición posverbal favorecido pola non animación e non definitude; o semantismo da construción tamén facilita a posposición. Ten como referente unha entidade con trazos semánticos variables: [±animado], [±humano], [+concreto], [−concreto] en certas construcións figuradas (v.g. *a xustiza amolece*), [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. Con frecuencia funciona algún circunstancial co papel semántico de causa ou causante, principalmente a través dunha fr. prep. de estrutura (*con* + fr. nom.) v.g. *a manteiga amolece coa calor*. Transformando a construción en transitiva o papel de causa muda para axente (v.g. *a calor amolece a manteiga*). Outros papeis que poden aparecer son os de modo e cuantificación, locación temporal e espacial (v.g. *aí amolece moito a froita*), condición (v.g. *sen a presenza de calor non amolecería*), concesión (v.g. *mesmo sen a presenza de calor amolecería*)... Algo menos frecuente é a presenza dun dativo e/ou complemento indirecto, de referente animado, co papel semántico de afectado.

A construción ten valor medio. Pode rexistrarse con *se* para indicar suxeito animado indeterminado ou significado pasivo con axente indeterminado (v.g. *a verdura amoleceuse con auga quente*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo (segundo as fases inceptivo, medio ou terminativo).

3.1.7. Experimentante – proceso intensificativo

Acentuarse «Volverse máis intenso, ir a máis».

(22) E no caso de Galicia dá a impresión de que esa actitude se acentuou moitísimo (TN, 6, 29)

O suxeito pode antepoñerse ou pospoñerse ao predicado (v.g. *dá a impresión de que se acentuou moitísimo esa actitude*) conforme o emisor queira remarcar máis a entidade afectada ou o proceso descrito. A posposición está favorecida pola presenza de *se* mailo semantismo da construción e a non animación do suxeito. O suxeito caracterízase polos trazos semánticos [−animado], [±concreto], [±común], [±continuo], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. É frecuente o emprego dun circunstancial co papel semántico de cuantificación e modo, locación temporal

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

e espacial, causa (v.g. *cos anos acentuouse o seu radicalismo*), condición (v.g. *cos teus comentarios non se acentuaría o seu radicalismo*), concesión (v.g. *mesmo cos teus comentarios acentuaríase o seu radicalismo*), substitución (v.g. *acentuouse o seu radicalismo en vez do seu pacifismo*)...

A construción é de voz media. Úsase na P3 singular ou plural, e ten carácter pronominal cun *se* invariable que reforza o valor intensivo do proceso descrito e céntrao no experimentante suxeito ao non permitir que se proxecte cara a un segundo participante. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, intensivo.

Agudizarse «Ir facéndose unha cousa máis aguda, intensificarse».

(23) a dor do meu hombreiro agudizouse de tal forma que de novo perdín o sentido (BE, 132)

O suxeito pode ir anteposto ou posposto ao predicado. O emprego de *se*, o semantismo da construción e a non animación do suxeito facilitan a posposición. Os seus trazos semánticos son [−animado], [±concreto], [±continuo], en xeral [+común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. En moitas ocasións funciona algún circunstancial co papel semántico sobre todo de modo e cuantificación, causa (v.g. *hoxe a dor agudizouse moito co frío*), locación espacial e temporal, condición (v.g. *coa túa axuda a dor non se lle agudizaría*), concesión (v.g. *mesmo coas vosas axudas a crise agudizaríase este ano*)... En construcións referidas a enfermidades, problemas, etc. é frecuente que apareza un dativo e/ou complemento indirecto, de referente animado, co papel semántico de afectado (v.g. *a dor agudízaselle terriblemente*).

A construción é pronominal, úsase na P3 singular ou plural, cun *se* invariable que imposibilita a construción transitiva e implica totalmente o suxeito no proceso descrito. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, progresivo —inceptivo ou medio—, atélico, intensivo.

3.1.8. Experimentante–proceso modificativo/transformativo

Abrollar «Botar gromos unha planta ou árbore».

(24) as choivas levantaron e empezaron a abrollar as flores e os gomos dos carballos (CLN, 20)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido ao semantismo da construción, á tematización dun complemento e á non animación. Os seus trazos semánticos son [−animado], [±común], [+concreto], ou [−concreto] en enunciados figurados, [−control].

O complemento ten carácter opcional. Cando se emprega está representado a miúdo por un circunstancial co papel semántico de locación espacial e temporal, modo, causa, (v.g. *na primavera co sol abrollan rapidamente algunhas plantas*), condición (v.g. *coa axuda do sol abrollarían as plantas*), concesión (v.g. *mesmo coa axuda do sol non abrollarían as plantas*)...

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

A construción ten valor medio, úsase en P3 singular ou plural e non admite *se*. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, inceptivo.

Branquear~branquexar «Tornarse branco ou máis branco; por extensión, adquirir finura unha persoa».

(25) cos anos fora branquexando e xa era completamente case branco (BE, 107)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido ás prioridades informativas do emisor e aos trazos de non animación, non control e non axentividade. Os seus trazos semánticos son [±animado], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio. É frecuente a presenza dun dativo e/ou complemento indirecto sinalando a entidade animada afectada (v.g. *branquexoulle a camisa*), e dalgún circunstancial con papeis semánticos como locación espacial e temporal, modo e cuantificación, causa (v.g. *branqueou moito con tanto lavado*), consecuencia...

A construción adquire valor de voz media. Adoita usarse en P3 singular ou plural. É posible o uso de *se* para indicar suxeito indeterminado. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo -segundo as fases inceptivo, medio ou terminativo.

Curtir «Endurecerse as peles, o liño...»

(26) ripábase e botábase no río...en aghua pa que curtise no río (SOTO, *Aciveiro-Forcarei* 72)

O suxeito tende a precede-lo predicado, aínda que non resulta infrecuente a posposición co causante anteposto (v.g. *co frío cúrtense as peles*). Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], en xeral [+común], [−control].

O complemento non é obrigatorio. A miúdo aparece algún circunstancial co papel semántico de causa, locación espacial e temporal, modo, fin (v.g. *esas peles curtíronse moi ben co frío para abrigos*), condición (v.g. *coa axuda do frío as peles curtiríanse mellor*), concesión (v.g. *mesmo coa axuda do frío as peles non se curtirían mellor*)...

A construción ten carácter medio, úsase na P3 singular ou plural, cun clítico que pon de relevo o papel de experimentante do suxeito. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico.

3.1.9. Experimentante – proceso continuativo

Prolongarse «Durar, continuar un determinado estado de cousas».

(27) a batalla para, digamos, o control galeguista da institución prolongouse demasiado tempo (TN, 6, 71)

O suxeito pode antepoñerse ou pospoñerse ao predicado (v.g. *prolongouse moito a reunión*) debido ao semantismo da construción con presenza de *se*, ás

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

prioridades informativas do emisor cando quere poñer de relevo o proceso e á non animación e non axentividade do suxeito. Os seus trazos semánticos son [−animado], [±concreto], xeralmente [+común], [−control].

O complemento non é obrigatorio. Tende a estar presente algún circunstancial representado por unha fr. nom., fr. prep. ou fr. adv., que sinalan duración ou continuación temporal de algo. Poden acompañar tamén outros circunstanciais con papeis semánticos coma os de modo e cuantificación, causa (v.g. *este ano en Vigo as obras prolónganse polas chuvias)*, locación espacial, condición (v.g. *co apoio da administración non se prolongarían as obras*), concesión (v.g. *mesmo co apoio da administración prolongaríanse as obras*)...

A construción ten forma pronominal, cun clítico en P3 singular ou plural, que contribúe a centrar o proceso no suxeito, reforzando o seu papel de experimentante e protagonista dos feitos. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico e atélico.

Durar «Resistir o paso do tempo e os efectos do uso».

(28) a cociña económica témola dende hai moitos anos..., estas duran moito (SOTO, *Covas-Forcarei* 65)

O suxeito adoita preceder o predicado; a posposición dáse cando o emisor centra o interese informativo no proceso (v.g. *duran moito estas cociñas*). Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], xeralmente [+común], [−control].

O complemento pode non se empregar nalgunhas construcións que centran a información unicamente no proceso (v.g. *esas cociñas non duran*). Nas demais funciona algún adverbio modalizador (v.g. *xa durou o seu*) e algún circunstancial co papel semántico de tempo, duración e límite temporal (v.g. *dura catro anos*). Está representado xeralmente por unha fr. adv., fr. prep., unha fr. nom. cun referente de tempo e precedida ou non de numeral, así coma por unha estrutura comparativa (v.g. *as cociñas económicas duran máis cás de butano*). De maneira máis opcional poden acompañar outros circunstanciais co papel semántico de locación espacial, causa (v.g. *aquí estas cociñas duran tempo abondo polo material que levan*)..., así coma un dativo e/ou complemento indirecto dando conta da persoa afectada (v.g. *duroulle moito a cociña*).

A construción é de voz media. En xeral non se emprega con *se* e predomina o uso da P3 singular ou plural. Son frecuentes as construcións negativas e con adverbios modalizadores (v.g. *non dura moito*; *aínda ten que durar máis*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico.

3.2. Esquemas con dous papeis semánticos

Son esquemas que se corresponden con construcións que, ademais dun suxeito experimentante, posúen complementación e por conseguinte diversos papeis semánticos a ela asociados.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

3.2.1. Experimentante – proceso transformativo/modificativo – meta

Acabar «Ter algo ou alguén certo fin ou remate, mostrar ou chegar a un determinado estado».

(29) Igual vós acabades peor, asasinos (PN, 187)

(30) aquilo acabou nunha denuncia penal que salferiu a Cuíña (TN, 12, 34)

O suxeito adoita situarse en posición preverbal e os seus trazos semánticos son moi variables: [±animado], [±concreto], [±común], [±continuo], [−control]; tratándose de entidades humanas pode haber certo control do proceso, sobre todo cando o suxeito está representado por máis dun individuo (v.g. *acabaron a berros*). En boa parte dos casos a meta ou punto aos que se chega resultan alleos á vontade directa.

O complemento é obrigatorio. Está representado por unha fr. adv. (acabou ben, mal, peor...; acabaron a golpes, a berros...), unha cláusula de participio ou xerundio (v.g. *acabou marchando da casa*), e unha fr. prep. de estrutura (*en*, *con* + fr. nom.), (*por* + cláusula de inf.) (v.g. *acabou por morrer*), que expresan unha meta en forma de evento, situación, lugar en que algo ou alguén desemboca. Ás veces a meta leva parello o modo de rematar o proceso (v.g. *a película acaba coa morte da protagonista*). Con carácter opcional pode acompañar algún circunstancial co papel semántico de locación temporal ou espacial, causa (v.g. *por culpa túa acabou no cárcere*), substitución (v.g. *en vez de lograr saír da droga acabou no cárcere*), adición (v.g. *amais de golpeado acabou no cárcere*), condición (v.g. *coa túa axuda non acabaría no cárcere*), concesión (v.g. *mesmo coa túa axuda acabaría no cárcere*)...

A construción mostra un proceso en fase terminativa. Admite *se* para indicar suxeito animado indeterminado. Cando se refire a persoas é habitual o emprego de tempos con valor de futuro e enunciados de posibilidade e predicción negativa para o individuo (v.g. *como siga así vai acabar mal*; *ha de acabar na droga*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico e terminativo.

Caer «Experimentar a entrada nun determinado estado».

(31) as sentinelas caen nun fondo sono (OCT, 362)

(32) esforzábase por termar de si sen deixarse caer na desesperación nin no cansancio (AGOSTO, 67)

O suxeito precede o predicado e posúe os trazos semánticos [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [+control] cando o suxeito se deixa ir intencionadamente cara a un determinado estado, [−control] cando o suxeito entra nun determinado estado sen querer.

O complemento resulta obrigatorio. Está desempeñado por unha fr. prep., posposta ao predicado, de estrutura (*en* + fr. nom.) e trazos semánticos [−animado] e [−concreto], que alude ao estado en que se entra. De maneira opcional pode funcionar algún circunstancial co papel semántico de locación temporal e espacial, causa, modo...

A construción ten valor medio e non se emprega con *se*. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, inceptivo.

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

3.2.2. Experimentante – proceso modificativo – modo

Cocer «Cocer ben ou mal un alimento».

(33) esa carne comprada coce mal, non é coma a da casa (SOTO, *Covas-Forcarei* 64)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido ao semantismo da construción así como á non animación e non axentividade. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], [+común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio cando o verbo adquire significado pleno (v.g. *esa carne non coce*). Nos demais casos, funciona unha fr. adv., xeralmente posposta ao predicado, que sinala o modo de se desenvolver o proceso. De xeito opcional pode acompañar algún circunstancial co papel semántico sobre todo de locación temporal e espacial, causa (v.g. *esa carne coce mal por causa da auga*).

A construción ten carácter medio, valor xenérico e pode rexistrarse en forma pronominal. Alén de proceso existe unha caracterización do suxeito a través do seu modo de se desenvolver. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo nas diferentes fases de inicial, medio ou terminativo, atélico.

Ir «Desenvolverse, evolucionar dunha determinada maneira».

(34) ¿como van os estudios? (GDXL, 1132)

O suxeito adoita preceder o predicado. A posposición pode deberse á modalidade interrogativa da cláusula ou ao feito de querer priorizar outra información distinta da referida no suxeito. Os seus trazos semánticos son [±animado], [±concreto], [±común], [−control].

O complemento resulta obrigatorio. Está representado por unha fr. adv. que sinala a maneira de estar ou de se desenvolver un individuo ou unha entidade. Opcionalmente pode funcionar un dativo e/ou complemento indirecto co papel semántico de afectado e ás veces posuidor (v.g. *a María vaille ben o brazo*), e un circunstancial con diversos papeis semánticos como locación temporal (v.g. *daquela íanme ben os estudos*), causa (v.g. *os estudos vanche mal pola túa preguiza*)...

A construción ten carácter medio. Pode usarse con *se* e suxeito animado para indicar que está indeterminado (v.g. *se se vai ben hai que volver ao traballo*). Os valores aspectuais son dinámico, atélico.

3.2.3. Experimentante – proceso modificativo – afectado/posuidor

Adormecer «Pasar a quedar insensible un membro».

(35) Adormeceume este pé tras da casa de Tomé, carghadiño de madeira pa queimar os da ribeira (SOTO, *Covas-Forcarei* 64)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado polo semantismo da construción con presenza dun dativo e/ou complemento indirecto; tamén a non definitude

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

favorece a posposición. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], [+común], [−control].

O complemento resulta obrigatorio. Está representado por un pronome dativo e/ou complemento indirecto, referido tanto ao posuidor dunha propiedade inalienable, unha parte do corpo, coma ao afectado polo proceso descrito. Con carácter opcional ten cabida algún circunstancial co papel semántico sobre todo de modo, locación temporal e espacial, causa (v.g. *adormeceume rapidamente a perna co frío*)...

A construción ten valor medio, cun suxeito non axentivo. Úsase en P3 singular ou plural. Rexístranse casos con *se* que poñen de relevo o papel de experimentante do suxeito e o desenvolvemento de seu do proceso (v.g. *adormecéuseme a man*). Os valores aspectuais son dinámico, atélico, progresivo xeralmente inceptivo e tamén terminativo (v.g. *xa me adormeceu a perna*).

Nubrarse «Tornarse algo escuro ou confuso».

(36) A Manuel nubráronselle os ollos. Aínda tiña a pistola na man (AGOSTO, 87)

O suxeito pode antepoñerse ou pospoñerse ao predicado. A posposición resulta habitual e está facilitada polo semantismo da construción co emprego de *se*, o funcionamento de dativo e/ou complemento indirecto así coma os trazos de non axentividade e non animación. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], [−concreto] nos casos en que aparece un nome que se refire a unha parte da propiedade inalienable dun individuo (v.g. *núbraselle a razón*), [±continuo], en xeral [+común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio nalgunhas construcións de significado pleno (v.g. *a razón núbrase e o corazón abátese*). Nas demais, tende a funcionar un dativo e/ou complemento indirecto representado por unha fr. prep. de estrutura (*a* + fr. nom.), que alén de ter o papel semántico de afectado pode actuar como posuidor da entidade en función de suxeito. É posible tamén a presenza dalgún circunstancial co papel semántico sobre todo de causa (v.g. *nese momento coa emoción nubróuselle totalmente a razón*), modo e cuantificación, locación temporal e espacial.

A construción ten forma pronominal, cun *se* en P3 singular ou plural. A presenza do clítico pon de relevo o papel experimentante do suxeito. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico e atélico. O uso de *se* pode implicar valor inceptivo. Ás veces tamén se reflicte un valor intensivo.

3.2.4. Experimentante – proceso transformativo – término

Converterse 1 «Transformarse en algo».

(37) a historia dunha princesa chinesa que fuxiu co amante prohibido converténdose en rula (ESC, 25)

O suxeito adoita preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [−animado], [+animado] en contextos figurados, [+concreto], [±común], [−control].

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

O complemento resulta obrigatorio. Está desempeñado por unha fr. prep. de estrutura (*en* + fr. nom.). A frase nominal a miúdo móstrase como non definida e posúe como referente un nome que pode ser [±animado], [±concreto], sinalando o punto ao que chega a transformación que se dá no suxeito. De xeito opcional pode aparecer algún circunstancial co papel semántico de locación temporal e espacial, modo, causa (v.g. *axiña se converteu en rula por amor*)...

A construción ten forma pronominal e valor medio, cun clítico que imposibilita a presenza de complemento directo, centra o proceso no suxeito e reforza o valor aspectual progresivo que se desenvolve nel. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo (segundo as fases inceptivo medio ou terminativo).

Converterse 2 «Chegar a ser unha determinada cousa».

(38) Manuel, un veciño da aldea de Santos,... quen da noite para a mañá... se convertera nun dos cabecillas do grupo de falanxistas... (AGOSTO, 15)

O suxeito adoita preceder o predicado e ten os trazos semánticos [+animado], [−animado] (v.g. *Santiago converteuse en centro de peregrinacións na Idade Media*), [+concreto], [−concreto] (v.g. *a liberdade tense convertido na bandeira dos oprimidos*), [±común], [+control], [−control] en construcións de valor pasivo e naquelas que mostran un suxeito carente de intencionalidade e axentividade.

O complemento resulta obrigatorio. Está desempeñado por unha fr. prep. de estrutura (*en* + fr. nom.), na que a frase nominal a miúdo se mostra como non definida, e posúe como referente un nome que pode ser [±animado], [±concreto], sinalando o punto ao que chega a transformación que se dá na entidade en función de suxeito. De maneira opcional pode acompañar o complemento prepositivo algún circunstancial con papeis semánticos coma os de locación temporal e espacial, modo, causa (v.g. *por esa ofensa convertérase cos anos nun home agresivo*).

A construción ten forma pronominal e valor medio, cun clítico que centra o proceso no suxeito e reforza o valor aspectual progresivo que nel se desenvolve. Os valores aspectuais son dinámico, atélico, progresivo (con frecuencia terminativo).

Converterse 3 «Asumir novas ideas ou crenzas».

(39) converteuse ó cristianismo (GDXL, 544)

O suxeito adoita preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [+humano], [+concreto], [±común], con certa frecuencia presenta o trazo [+colectivo] (v.g. *o pobo galego converteuse ao cristianismo*), [−control].

O complemento resulta obrigatorio. Está desempeñado por unha frase preposicional de estrutura (*a* + fr. nom.); a frase nominal adoita ser definida e ter como referente un nome cos trazos [−animado], [−concreto], expresando un determinado cambio de pensamento que experimenta o suxeito de modo involuntario ou forzado. De forma opcional, pode acompañar algún circunstancial

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

con papeis semánticos coma os de modo, locación temporal e espacial, fin (v.g. *naquel ano converteuse ao protestantismo con tódalas consecuencias para vivir outra experiencia*), causa...

A construción ten valor medio e forma pronominal, cun clítico que centra o proceso no suxeito e que reforza o seu papel de experimentante así coma o seu valor aspectual progresivo. Tamén pode adquirir contidos próximos aos da voz pasiva, con axente indeterminado. É posible igualmente o uso deste predicado en estruturas de pasiva analítica, co suxeito como paciente (v.g. *fun convertido ao cristianismo*). Con suxeito axente e control a construción vólvese transitiva ao expresar unha acción executada intencionadamente por un individuo sobre si mesmo ou sobre outro (v.g. *convertinme ao cristianismo*/*convertino ao cristianismo*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo (segundo as fases inceptivo, medio ou terminativo).

Dar «Converterse no que se indica».

(40) e así fixo moitas fortunas, e outros deron en ladrós,... (SOTO, *Lalín* 70)

O suxeito adoita preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [+humano], [+concreto], [±común], [+control].

O complemento resulta obrigatorio. Está desempeñado por unha fr. prep. de estrutura (*en* + fr. nom.) e referente animado representado por un nome (substantivo ou adxectivo) concreto ou non concreto (v.g. *deron en vagos*), que sinala aquilo en que se transforma un individuo, principalmente a súa personalidade, comportamento ou modo de ser. De maneira opcional pode acompañar algún circunstancial co papel semántico de causa, locación temporal, condición (v.g. *sen a túa axuda daría en ladrón*)...

A construción ten valor medio. Non se emprega con *se* e os valores aspectuais prototípicos son dinámico, resultativo.

Mudar «Transformarse unha cousa ou unha persoa noutra».

(41) aquela ledicia inicial que me incitara a apertar ao famoso cociñeiro da Prisión de Príncipe entre os meus brazos, moi decontado se mudou en raiba e desconcerto (BE, 27)

O suxeito precede o predicado e ten os trazos semánticos [±animado], [±concreto], [±continuo], [±común], [−control].

O complemento resulta obrigatorio. Está representado por unha fr. prep. de estrutura (*en* + fr. nom.), xeralmente sen determinante e cun referente [±animado], [±concreto] e [±continuo], que designa o término en que se proxecta o resultado ao que chega o proceso de transformación desenvolvido en algo ou en alguén. De xeito opcional pode acompañar algún dativo e un circunstancial co papel semántico de modo, causa, locación temporal e espacial (v.g. *por ese feito o desconcerto mudoulle totalmente en carraxe*)...

A construción ten significado medio e forma pronominal, cun clítico en P3 singular ou plural, que contribúe a centrar o proceso na entidade en función de

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

suxeito, reforzar o seu papel de experimentante e determinar a presenza do complemento prepositivo. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo -segundo as fases inceptivo, medio e terminativo-, resultativo.

3.2.5. Experimentante – proceso modificativo – orixe

Abrollar «Aparecer algo, xurdir, brotar... xeralmente de ou nalgún punto».

(42) ollos que o contemplaban a través do esparto furado, e as voces que abrollaban das bocas ocultas (MFB, 155)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido ao semantismo da construción, á tematización dun complemento e á non animación. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], ou [−concreto] en enunciados figurados, [±continuo], [−control].

O complemento pode ter carácter opcional ou obrigatorio. No segundo caso, representado por unha fr. prep. de estrutura (*de* + fr. nom.), co papel semántico de orixe ou procedencia, e (*en* + fr. nom.) que marca o lugar en que algo acontece. Con carácter máis opcional pode acompañar algún circunstancial co papel semántico de modo (v.g. *a luz abrollaba lentamente nos seus ollos*), causa (v.g. *coa tristura a luz non abrollaba nos seus ollos*)...

A construción é de voz media e úsase na P3 singular ou plural. Non admite *se* e os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, inceptivo.

3.2.6. Experimentante – proceso modificativo – asunto/aspecto

Cambiar «Volverse distinto con relación ao que se expresa; converterse unha cousa noutra diferente».

(43) a súa face cambia da decisión á dúbida (MDR, 144)

O suxeito adoita preceder o predicado e posúe os trazos semánticos [±animado], [±concreto], [±común], [±continuo], [−control], pode adquirir [+control] con suxeito humano (v.g. *cambiou de opinión*).

O complemento resulta obrigatorio. Está desempeñado por unha fr. prep., posposta ao predicado, principalmente coa estrutura (*de* + fr. nom.), (*en* + fr. nom.), (*a* + fr. nom.), e referente non animado que sinala ben o asunto en relación co que algo cambia, ben o resultado ao que un cambio dá lugar.

A construción ten valor medio. Pode aparecer con *se* indicando suxeito indeterminado nalgunhas estruturas de suxeito animado; noutras o clítico centra o proceso no suxeito poñendo de relevo o seu papel de experimentante e mostrando en ocasións valor aspectual inceptivo. Os valores aspectuais que se reflicten son os de dinámico, progresivo, atélico se existe duración (cambiar durante un tempo) ou télico se hai non duración (cambiar nun instante da decisión á dúbida).

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

3.2.7. Experimentante – proceso adaptativo – término

Adaptarse «Acomodarse unha cousa a outra».

(44) Información e publicidade adaptáronse durante os quince días de campaña ó propio discurso que tentaba influír no mercado dos votos (TN, 6, 66)

O suxeito acostuma preceder o predicado e caracterízase polos trazos semánticos [−animado], [±concreto], [±común], [±continuo], [−control].

O complemento é obrigatorio. En ocasións non se explicita por quedar latente e resultar coñecido polo contexto (v.g. *a verdade é que el adaptouse [a algo]*). Está representado por unha fr. prep., posposta ao predicado, de estrutura (*a* + fr. nom.), cun referente xeralmente [−animado], [±concreto] e [±continuo], que expresa a entidade á que unha cousa se acomoda. Con carácter opcional pode acompañar algún circunstancial, co papel semántico de modo (v.g. *adaptarse ben a algo*), locación espacial ou temporal (i), causa (v.g. *non se adaptou por falla de recursos*)...

A construción ten valor medio e forma pronominal. Úsase en P3 singular ou plural, cun *se* que facilita a aparición do complemento prepositivo, reforza a presenza do suxeito e centra nel o desenvolvemento do proceso. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo —inceptivo (empezar a adaptarse), medio, terminativo (acabar de adaptarse).

Afacerse «Adquirir un hábito, acostumarse a algo».

(45) ten a penas vinte anos e afíxose desde hai meses á espera da vellifia morena (MDB, 21)

(46) arengando as milicias coas palabras antigas que todos se afixeran a seguir como propias (OCT, 202)

O suxeito precede o predicado e os seus trazos semánticos son en usos rectos [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [control parcial] na construción intransitiva por non ser algo realizado totalmente adrede.

O complemento é obrigatorio, aínda que ás veces pode non se explicitar por quedar latente e recoñecido no contexto (v.g. *non lle deas tantos regalos que se afai [a eles]*). Funciona como tal unha fr. prep., posposta ao predicado, de estrutura (*a* + fr. nom./cláusula), que expresa a entidade, lugar ou evento aos que se adapta o suxeito. De maneira opcional, pode acompañar algún circunstancial co papel semántico de modo (v.g. *non se afai nada ben a seguir só*), locación espacial e temporal, causa (v.g. *aquí non se afai a esta profesión por ser tan esixente*)...

A construción ten valor medio e forma pronominal, cun clítico variable en número e persoa, que centra o proceso nun individuo que o desenvolve de seu. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo: inceptivo, medio (v.g. *estase afacendo a vivir só*), terminativo (v.g. *xa se afixo a vivir só*).

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

3.2.8. Experimentante – proceso mellorativo – campo/aspecto

Avanzar «Progresar, mellorar en algo».

(47) Avanzamos no que eu chamo autoidentificación (TN, 20, 40)

O suxeito precede o predicado ou séguelo sobre todo cando o emisor centra o interese nun complemento ou no predicado. Os seus trazos semánticos son variables: [±animado], [±humano], [±concreto], [±continuo], [±control].

O complemento non resulta obrigatorio cando a construción se centra no proceso en si mesmo. Noutros casos en que se indica o campo en que se progresa funciona un circunstancial desempeñado por unha fr. prep., de estrutura (*en* + fr. nom.) e cun referente [−animado], [±concreto] e [±continuo], sinalando a materia, campo ou aspecto de mellora.

A construción pode estar en P3 singular ou plural e admitir variación de número e persoa. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo -principalmente inceptivo ou medio-, ás veces intensivo.

Recobrarse «Recuperarse dunha determinada situación, enfermidade, etc.»

(48) Os meus sentidos foron recobrándose ao tempo que alguén me falaba constante,... (BE, 19)

O suxeito sitúase en posición preverbal e os seus trazos semánticos son [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [−control].

O complemento non resulta obrigatorio nas estruturas que adquiren significado pleno de seu. Nas demais funciona unha fr. prep. de estrutura (*de* + fr. nom.), cun referente [−animado] e [±concreto], que sinala o campo ou aspecto no que se produce a recuperación (recuperarse dunha lesión equivale a experimentar mellora no tocante á lesión que se padece). De maneira opcional, pode funcionar algún circunstancial co papel semántico de modo, locación temporal e espacial, causa (v.g. *coa medicación hoxe recuperouse totalmente da enfermidade*), consecuencia, condición (v.g. *coa túa axuda recuperaríase ben*)...

A construción ten forma pronominal e significado medio, cun clítico variable en número e persoa que centra o proceso no suxeito, enfatiza o seu papel de experimentante e asemade actúa como formante lexemático do verbo, adquirindo un significado que o opón ao da acepción transitiva nucleada por este mesmo verbo. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo (en fase inicial, media ou final), ás veces intensivo.

3.2.9. Experimentante – proceso empeorativo – meta

Caer «Pasar algo ou alguén a unha situación peor; sobrevir unha adversidade a unha persoa».

(49) Despois do seu grande éxito caeu no esquecemento (DRAG, 201)

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

O suxeito tende a preceder o predicado. Os seus trazos semánticos son variables: [+animado], [−animado] en (v.g. *a casa caeu no abandono*), [±humano], [±concreto], [±común], [−control].

O complemento adoita aparecer para mostrar a situación ou adversidade acontecida así como a persoa afectada por ela. Pode estar representado por unha fr. prep., de estrutura (*en* + fr. nom.), que ten como referente unha entidade [−animada], [−concreta]; tamén por un pronome dativo e/ou por unha fr. prep. (*a* + fr. nom.), ás veces reforzados por un adverbio de lugar (v.g. *menuda lle caeu encima*), que aluden á entidade animada que sofre un infortunio. De xeito opcional pode acompañar algún circunstancial co papel semántico de locación temporal e espacial, modo, causa...

Estas construcións reflicten unha actividade ou proceso que remata nun punto dado. Poden ser variables en número e persoa ou usárense en P3 singular e plural. As de suxeito humano admiten *se* indicando indeterminación (v.g. *cáese na desgraza*). Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo —segundo as fases inceptivo, medio ou terminativo.

3.2.10. Experimentante – proceso aumentativo – meta

Chegar «Acadar unha determinada forma, altura, medida ou cantidade».

(50) unha cepa pa que chegue a parra fanlle falta pois tres anos (SOTO, *Ribadumia* 45)

(51) coa presencia de Coalición Galega o voto nacionalista chegaría ó 23,26 % (TN, 6, 36)

O suxeito precede o predicado e posúe trazos semánticos variables: [±animado], [±concreto], [±común], [±control].

O complemento resulta obrigatorio. En certas construcións a posición é máis ríxida e o complemento posúe menor liberdade posicional. Pode estar representado por unha frase preposicional de estrutura (*a/ata* + fr. nom.), e referente [−animado], [+concreto], sinalando o remate dun proceso, o punto final dunha medida, o tope dunha cantidade, etc. Nalgunhas construcións en que o suxeito é unha parte do individuo, acostuma funcionar un dativo e/ou complemento indirecto que indica o afectado e posuidor.

A construción ten en xeral carácter medio ou estativo. É posible o emprego de *se* indicando suxeito indeterminado. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, terminativo.

3.2.11. Experimentante – proceso aumentativo – campo/aspecto

Aumentar «Facerse algo máis grande ou máis extenso».

(52) O uso do galego aumenta entre o alumnado da USC (OCG, 25–11–1998, 1)

(53) Carme esti ano oumentou de peso (SOTO, *Covas-Forcarei* 80)

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

O suxeito pode pospoñerse ao predicado debido á tematización dun complemento, ás prioridades informativas do emisor centradas no proceso predicado e á non animación dalgúns suxeitos. Ten como trazos semánticos prototípicos os de [−animado], [+concreto], ou [−concreto] (v.g. *as inxustizas aumentan*), [±continuo], [−control]. En certas construcións tamén pode ser [+animado] e [control parcial] por falla de intencionalidade.

O complemento non resulta obrigatorio, agás en estruturas de suxeito animado, en que funciona un circunstancial, posposto ao predicado, que indica a entidade á que alude o predicado e constitúese así no campo ou aspecto relacionado co proceso desenvolvido nun individuo. Esta estrutura é máis frecuente cá transitiva de complemento directo e suxeito con control (v.g. *Carme este ano aumentou o seu peso*). De xeito máis opcional poden acompañar outros circunstanciais co papel semántico de locación espacial e temporal, modo e cuantificación, causa (v.g. *na casa aumentas algo de peso pola tranquilidade que tes*), condición (v.g. *sen a tuá axuda aumentaría de peso*), concesión (v.g. *mesmo coa túa axuda aumentaría de peso*), etc. A presenza do complemento en estruturas deste tipo vólvese optativa cando o suxeito é inanimado (v.g. *o gran aumentou [de tamaño]*).

A construción úsase a miúdo en P3 singular ou plural. Pode aparecer baixo a forma pasiva (v.g. *o salario non foi aumentado como se dixo*) e con *se* expresando suxeito indeterminado (v.g. *con tanta comida auméntase de peso*) ou contido pasivo (v.g. *o salario non se aumentou como se dixo*). Os valores aspectuais que se reflicten son dinámico, atélico, ás veces intensivo

3.2.12. Experimentante – proceso aumentativo – locación espacial

Rubir «Ir algo cara arriba, sobre todo un vexetal enganchado a unha árbore, parede, etc.»

(54) espacios do xardín, masa apagada que se confundía en silencio coas agras recén aradas que rubían para o Castromao (BE, 185)

O suxeito adoita preceder o predicado, pode seguilo (v.g. *rubían pola parede as hedras*) favorecido pola non animación do suxeito. Os seus trazos semánticos son [−animado], [+concreto], en xeral [+común], [−control].

O complemento non se explicita nas construcións con significado pleno de seu (v.g. *ese tipo de plantas non rube*). Nas demais funciona un circunstancial representado por unha fr. prep. de estrutura (*a*, *cara a*, *para* + fr. nom.) co papel semántico de locación espacial e dirección, (*por* + fr. nom.) co papel semántico de tránsito no espazo, (*ata* + fr. nom.) co papel semántico de meta ou punto de chegada do movemento de ascensión. En moitas ocasións tamén funcionan outros circunstanciais co papel semántico sobre todo de causa, modo e cuantificación (v.g. *coa chuvia rubiron moito máis as hedras do muro*), locación temporal.

A construción designa un proceso experimentado por unha entidade que realiza un movemento de desprazamento vertical. Non admite *se* e os seus valores aspectuais son dinámico, atélico, progresivo.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

3.2.13. Experimentante – proceso adaptativo – locación espacial

Afacerse «Adaptarse e familiarizarse a un novo lugar».

(55) non se afai en Ourense (SOTO, *Covas-Forcarei* 65)

O suxeito precede o predicado; a posposición obedece ás preferencias informativas do emisor (v.g. *di que en Ourense el non se afai*). Os seus trazos semánticos son en usos rectos [+animado] e [±humano], [+concreto], [±común], [control parcial].

O complemento pode non se explicitar, aínda que a súa presenza sempre queda latente. Habitualmente funciona como tal unha fr. prep., de estrutura (*a* + fr. nom./cláusula) e (*en* + fr. nom.), así como unha fr. adv. (v.g. *non se afai aquí*), que expresan a entidade, lugar ou evento aos que se acomoda e cos que se familiariza un individuo. Tamén pode acompañar de maneira opcional un circunstancial co papel semántico de locación espacial e temporal, modo, causa, condición...

A construción ten valor medio e forma pronominal, cun clítico variable en número e persoa que centra o proceso no suxeito e pon de relevo o seu papel de experimentante. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, atélico, progresivo: inceptivo, medio (v.g. *afaise a vivir en Vigo*).

3.3. Esquemas con tres papeis semánticos

3.3.1. Experimentante – proceso modificativo – modo – término

Facerse «Volverse, chegar a ser, resultar».

(56) Aprendeu atallos e fíxose, moi nova, amiga dos carreiros e das árbores (MDB, 162)

O suxeito pode ás veces pospoñerse ao predicado e mais ao complemento, que posúe meirande carga de animación e control (v.g. *fáiseme coñecida esa cara*). Os seus trazos semánticos son variables: [±animado] e [±humano], [±común], [+concreto], [−concreto] en casos como (v.g. *a súa sinceridade fíxoseme rara*), [−control], [+control] nalgúns casos de suxeito humano que poden exercer control sobre o evento.

O complemento resulta obrigatorio. Nalgunhas estruturas funciona un circunstancial que indica a meta dun proceso ao que chega unha entidade. Noutras o proceso chega a un determinado modo de repercutir nun término de carácter animado. Aquí o suxeito alén de experimentante con control parcial pode adquirir certo carácter axentivo con máis grao de control. Pode concordar en xénero, número e persoa co suxeito, e o verbo cede parte do seu contido semántico, aproximándose ás estruturas atributivas (v.g. *esa cara fáiseme coñecida / éme coñecida*). Por último, pode funcionar tamén nestas construcións, algún circunstancial de modo, condición (v.g. *co teu consello non se faría amiga deles*), concesión...

A construción é de voz media. Ten forma pronominal, cun clítico variable en número e persoa que xeralmente actúa como formante lexemático do verbo,

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

establecendo unha oposición de significado con outras construcións non pronominais deste mesmo predicado. O emprego do clítico centra o proceso no suxeito e reforza o seu papel de experimentante. Os valores aspectuais prototípicos son dinámico, télico e resultativo cando se dá conta da conclusión do proceso, atélico e progresivo cando se reflicte a súa duración.

4. Conclusión

A semántica do proceso en galego está representada, como vimos, por unha ricaz variedade de tipos de construcións, que refiren unha subclase de eventos con diferentes contidos. Expuxemos algunhas das prototípicas, séndomos conscientes de que a lingua posué moitas máis, en distinto grao de frecuencia.

Son esquemas cun suxeito que posúe o papel semántico de experimentante, papel que tradicionalmente recibiu outras denominacións (afectado, paciente...) e que se solapa ou superpón a outros, pero que cómpre delimitar do xeito máis preciso posible, aínda sabendo que os lindes nunca son definitivos. O suxeito pode ser animado ou inanimado e adopta con facilidade a posición posverbal, ben polos trazos semánticos do suxeito ben pola semántica das propias construcións de proceso.

Manifestan unha alta frecuencia os procesos de tipo transformativo/modificativo e os esquemas tanto cun só papel semántico coma, principalmente, con dous papeis, que a miúdo se corresponden cunha función sintáctica complemento prepositivo, complemento circunstancial e complemento indirecto. Os de tres papeis semánticos teñen unha aparición limitada. Doutra banda, existen predicados como «abrollar» que se poden documentar en esquemas monoargumentais e biargumentais, dependendo do significado e das características semántico-sintácticas da construción.

Estas estruturas son sobre todo de voz media, suxeito non axente, moitas veces pronominais (o que pon de relevo o papel de experimentante do suxeito) e con valores aspectuais que son os de dinámico, progresivo (en fase inceptiva, media e terminativa), atélico.

A lingua en xeral e o noso corpus en particular rexistran máis exemplos cós que foron seleccionados, mais cos prototípicos presentados aquí é posible obter unha fotografía real e fiable do funcionamento destas construcións e proporcionar datos que contribúan a un mellor coñecemento dos romances occidentais.

Corpus (lingua oral e escrita)

[AGOSTO] Fernández Ferreiro, Xosé (1991): *Agosto do 36*. Vigo: Xerais.

[ARR] Méndez Ferrín, Xosé Luís (1991): *Arraianos*. Vigo: Xerais.

[BE] Méndez Ferrín, Xosé Luís (1987): *Bretaña, Esmeraldina*. Vigo: Xerais.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

[CELL] Vidal, Ana (1994): «Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade).» Tese de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

[CLN] Valcárcel, Xesús M. (1995): *O capitán lobo negro*. Vigo: Galaxia.

[CPTO] Vázquez-Monxardín, Afonso [ed.] (1992): *A cultura popular de tradición oral nos centros da terceira idade. Unha experiencia de recollida en Centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

[DEUS] Casares, Carlos (1998): *Deus sentado nun sillón azul*. Vigo: Galaxia.

[DRAG] García, Constantino;González, Manuel [ed.] (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña; Vigo: Real Academia Galega; Xerais; Galaxia.

[EBO] Cabana, Darío Xohán (2000): *Ébora*. Vigo: Xerais.

[ESC] Rivas, Manuel (1995): *En salvaxe compaña*. 3.ª edición. Vigo: Xerais.

[GDXL] Carballeira, X. M. [ed.] (2000): *Gran diccionario Xerais da lingua*. Vigo: Xerais.

[MDB] Vázquez Pintor, Xosé (2001): *A memoria do boi*. Vigo: Xerais.

[MDR] Cabana, Darío Xohán (1996): *Morte de Rei*. Vigo: Xerais.

[MFB] Iglesias, Bieito (1999): *O mellor francés de Barcelona*. Vigo: Galaxia.

[NF] Fernández, Francisco; Hermida, Carme (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

[OCG] *O Correo Galego* [Santiago de Compostela], (25/11/1998, 04/03/1999).

[OCP] Rivas, Manuel (1991): *Os comedores de patacas*. Vigo: Xerais.

[OCT] Cabana, Darío Xohán (1994): *O cervo na torre*. Vigo: Xerais.

[PN] Angueira, Anxo (1999): *Pensa nao*. Vigo: Xerais.

[SOTO] Soto Andión, Xosé (1993–2000): Gravacións. 60 horas. Material inédito transcrito procedente de diferentes lugares de Galicia.

[TN] *Tempos Novos* [Santiago de Compostela], núm. 6 (1997), 12 (1998), 20 (1999).

Referencias

Alexiadou, Artemis; Anagnostopoulou, Elena; Everaert, Martin [eds.] (2003): *The unaccusativity puzzle: Explorations of the syntax-lexicon interface*. Oxford: Oxford University Press.

Álvarez, Rosario; Monteagudo, Henrique; Regueira, Xosé Luis (1986): *Gramática galega*. Vigo: Galaxia.

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

Álvarez, Rosario; Xove, Xosé (2002): *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Araújo, Silvia (2001): «Le passif dans le système des voix du français et du portugais.» In: Alexandre Veiga, Víctor M. Longa & JoDee Anderson [eds.], *El verbo entre el léxico y la gramática*. Lugo: Tris-Tram, 19–30.

Badia i Margarit, Antoni Maria (1995): *Gramática de la llengua catalana*. Barcelona: Proa.

Bertinetto, Pier Marco; Delfitto, Denis (2000): «Aspect vs. Actionality: Why they should be kept apart.» In: Dahl Osten [ed.], *Tense and aspect in the languages of Europe*. Berlin; New York: Mouton de Gruyter, 189–226.

Borer, Hagit (2004): *Structuring sense*. Oxford: Oxford University Press.

Costa Casas, Xoán Xosé; González Refoxo, M. dos Anxos; Morán Fraga, César Carlos; Rábade Castiñeira, Xoán Carlos (1988): *Nova gramática para a aprendizaxe da língua*. A Coruña: Vía Láctea.

Croft, William (2001): *Radical Construction Grammar*. New York: Oxford University Press.

Demonte, Violeta (2002): «Preliminares de una clasificación léxico-sintáctica de los predicados verbales del español.» In: Sybille Grosse & Axel Shönberger [eds.], *Ex oriente lux. Festschrift für Eberhard Gärtner zu seinen 60. Geburtstag*. Frankfurt am Main: Valentia, 121–144.

Dik, Simon C. (1997): *The theory of functional grammar*. 2nd edition. Berlin: Mouton de Gruyter.

Dimitrova-Vulchanova, Mila (1999): *Verbs semantics, diathesis and aspect*. München: Lincom Europa.

Dixon, Robert M.W. (1994): *Ergativity*. Cambridge: Cambridge University Press.

Dixon, Robert M.W.; Aikhenvald, Alexandra Y. (2000): *Changing valency. Case studies in transitivity*. Cambridge: Cambridge University Press.

Freixeiro, Xosé Ramón (2000): *Gramática da lingua galega II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.

Givón, Talmy (1990): *Syntax II. A functional typological introduction*. Amsterdam: John Benjamins.

Goldberg, Adele E. (1995): *Constructions: A construction grammar approach to argument structure*. Chicago: Chicago University Press.

——— (2005): *Constructions at work: The nature of generalization in language*. Oxford: Oxford University Press.

Hale, Kenneth; Keyser, Samuel J. (2002): *Prolegomenon to a theory of argument structure*. Cambridge (MA): MIT Press.

Halliday, Michael A.K. (1994): *An introduction to Functional Grammar*. London: Arnold.

© Romania Minor
http://www.romaniaminor.net/ianua/

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)

Halliday, Michael A.K.; Matthiessen, Christian (2004): *An introduction to Functional Grammar*. London: Arnold.

Kay, Paul (1997): *Words and the grammar of context*. Standford (CA): CSLI.

Kibrik, Aleksandr E. (1997): «Beyond subject and object: Toward a comprehensive relational typology.» *Linguistic Typology* 1 (3): 279–346.

Langacker, Ronald W. (1991): «Cognitive grammar.» In: Filp Droste & John Earl J. Joseph [eds.], *Linguistic theory and grammatical description*. Amsterdam: John Benjamins, 275–306.

Lazard, Gilbert (1998): «Definition des actants dans les langues européennes.» In: Jack Feuillet [ed.], *Actance et valence dans les langues de l'Europe*. Berlin; New York: Mouton de Gruyter, 11–146.

Legendre, G.; Sorace, A. (2003): «Auxiliaires et intransitivité en français et dans les langues romanes». In: D. Godard [ed.], *Les langues romanes: Problemes de la phrase simple*. Paris: CNRS, 185–234.

Levin, Bet; Rappaport Hovav, Malka (1995): *Unaccusativity. At the syntax-lexical semantics interface*. Cambridge (MA): MIT press.

Martinet, André (1987): *Sintaxis general*. Madrid: Gredos.

——— (1993): *Función y dinámica de las lenguas*. Madrid: Gredos.

Miguel, Elena De (1999): «El aspecto léxico.» In: Ignacio Bosque & Violeta Demonte [eds.], *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe, vol. 2, 2977–3060.

Moreno Cabrera, Juan Carlos. (2003): *Semántica y gramática. Sucesos, papeles semánticos y relaciones sintácticas*. Madrid: Machado Libros.

Palmer, Frank Robert (1994): *Grammatical roles and relations*. Cambridge: Cambridge University Press.

Sánchez López, Cristina [ed.] (2002): *Las construcciones con se*. Madrid: Visor.

Thieroff, Rolf (2000): «On the areal distribution of tense-aspect categories in Europe.» In: Osten Dahl [ed.], *Tense and aspect in the languages of Europe*. Berlin; New York: Mouton de Gruyter, 265–305.

Van Valin, Robert D.; Lapolla, Randy J. (1997): *Syntax: Structure, meaning and function*. Cambridge: Cambridge University Press.

Vilela, Mário (1999): *Gramática da língua portuguesa*. 2.ª edição. Coimbra: Livraria Almedina.

Xosé Soto Andión
Universidade de Vigo
Departamento de Filoloxía Galega e Latina
Facultade de Filoloxía e Tradución
Campus das Lagoas-Marcosende
E-36310 Vigo (Pontevedra, Galicia)

BDD-A5269 © 2009 Romania Minor
Provided by Diacronia.ro for IP 216.73.217.42 (2026-11-16 16:55:20 UTC)